

ORIENTACIÓNS PARA A PROBA DE CULTURA AUDIOVISUAL II NO CURSO 2018-2019

En primeiro lugar, agradecer un ano máis aos integrantes do Grupo de Traballo da materia “Cultura Audiovisual II”, nas probas da ABAU para o curso 2018-2019, a súa inestimable colaboración e dispoñibilidade; e ao conxunto de centros e profesores/as por remitirnos as suxestións e os materiais de traballo que nos serviron de orientación para confeccionar o modelo de exame que logo se adxunta. Coa mellor vontade de colaboración, sumámonos á iniciativa doutros grupos de traballo, tanto novos como xa consolidados, para concretar os aspectos da materia que se consideran de maior relevancia e que se especifican no documento “Contidos”. Ademais do modelo de exame que tamén se propón noutro documento, especifícanse a continuación os criterios de avaliación e a estrutura.

Criterios de avaliación e estrutura da proba

Como se contempla no artigo 10.2 da Orde do 24 de marzo de 2011, a proba avaliará os coñecementos e a capacidade de razoamento do alumnado en torno á Cultura Audiovisual, polo que se estrutura en dous bloques de preguntas abertas:

- a) Un exercicio no que o alumnado deberá demostrar a súa capacidade interpretativa e crítica, de expresión e síntese, así como a asimilación teórico-práctica de conceptos básicos da materia. Na “Opción A” da proba proporase un exercicio de interpretación de imaxe (denotativa e connotativa), e na “Opción B” pedirase a explicación dun tema (a imaxe só será un apoio visual para que o alumnado identifique o tema entre todos os contidos da materia). Esta parte da proba valorarase cun máximo de **6 puntos**.
- b) Preguntas de resposta breve (non máis de 5-10 liñas), de diferente complexidade, sobre todos os contidos do temario. Esta parte da proba valorarase cun máximo de **4 puntos**.

Tamén de acordo co establecido na mencionada Orde do 24 de marzo de 2011, no seu artigo 11.1, considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

Santiago de Compostela, 03 de decembro de 2018

A directora do Grupo de Traballo
Ana Isabel Rodríguez Vázquez (Universidade de Santiago de Compostela)

A subdirectora do Grupo de Traballo
Berta García Orosa (Universidade de Santiago de Compostela)